

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/10/2020 13:59:24

SAIDA 12925/20

D. Miguel Ángel Delgado González  
R/ Juan Castro Mosquera 28 2º dereita  
15005 A CORUÑA

DAIPVP-3-20

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Estimado Sr.:

Vista a súa solicitude de acceso á información pública referente á transferencia de cantidade da Valedora do Pobo á Xunta de Galicia, resulta o seguinte:

### Antecedentes

**Único.-** O 6 de outubro de 2020 tivo entrada no Rexistro da Valedora do Pobo a solicitude de información pública na que se reclaman: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago e datos actualizados do gasto e xustificación; se ditos fondos foron destinados á compra de material falsificado; e conta bancaria de destino.

### Fundamentos xurídicos

**Primeiro.-** De conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia, entendéndose por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

**Segundo.-** A segunda das solicitudes atópase afectada polo previsto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ("se a solicitude se refire a información que non obre en poder do suxeito ao que se dirixe, este a remitirá ao competente, se o coñecera, e informará desta circunstancia ao solicitante").

**Polo anterior Resolvo:**

Proporcionar a información solicitada, que figura a continuación.

-Copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago e datos actualizados do gasto e xustificación.

Non existe convenio, senón documento preceptiva para o trámite de devolución de remanente de tesourería acumulado, 2.000.000 de euros, con destino a Xunta de Galicia, para afrontar a emerxencia económica ocasionada polo COVID-19.

A operación se atopa debidamente fiscalizada pola Intervención Xeral do Parlamento de Galicia e da Valedora do Pobo, e foi aprobada pola Presidencia do Parlamento de Galicia e ratificada pola Mesa dese Parlamento.

Achegamos copia dos documentos coas dissociacións debidas.

**-Se ditos fondos foron destinados á compra de material falsificado.**

Tal información atópase afectada polo previsto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (a información non obra en poder do suxeito ao que se dirixe).

**Neste caso a resposta só pode proporcionala a propia Xunta de Galicia, a quen se traslada a súa solicitude de acceso.**

Porén, debe ter en conta que o ingreso dos fondos no Tesouro non afecta a estes no seu conxunto. A normativa financeira das administracións establece o principio de desafectación dos ingresos públicos, polo que os ingresos se entenden destinados a financiar o conxunto de obrigas derivadas da actividade dese administración. A aplicación dese principio non parece alterada polo motivo da transferencia.

**-A conta bancaria de destino.**

**A conta destinataria da transferencia consta dissociada nun dos documentos achegados, no que se indica que o destino é a Xunta de Galicia. Non é ningunha das que vostede menciona.**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación



desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño**  
**Valedora do Pobo**  
**(asinado dixitalmente)**





## PROPOSTA Á MESA

(MC Nº 05/2020)

Crédito extraordinario por importe de 2.000.000,00€ para transferir á Xunta de Galicia e contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID 19 (partida 01.02.111B.710) financiado con Remanente de Tesourería do exercicio 2019

Actualmente está declarado o estado de alarma a nivel nacional polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, por mor da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, que a súa vez ten sido obxecto de prórroga vía Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, ata o día 11 de abril incluído. O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A Xunta de Galicia está facendo cara á emerxencia coordinándose coas diferentes administracións e entidades públicas e privadas. Esta situación inédita implicou adoptar diversas medidas tanto preventivas como de axudas extraordinarias en distintos eidos, debido as consecuencias que a dita paralización implica.

A Institución da Valedora do Pobo é consciente das necesidades imperiosas que existen na Comunidade Autónoma a causa do COVID19, e dispón dun remanente de tesouraría resultante da liquidación do exercicio 2019 que lle permite atender aos seus gastos sen tensións nestes meses inmediatos, polo que estima que pode dispoñer de ata 2.000.000,00 € de fondos líquidos para transferir á Xunta de Galicia e así contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID 19.

Para efectuar esta operación cómpre crear ex novo a partida 01.02.111B.710 dotándoa mediante a aprobación dun expediente de crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería do exercicio 2019.

Polo exposto, esta valedora somete á Mesa do Parlamento a seguinte resolución:

- 1.- A aprobación dun crédito extraordinario por importe de 2.000.000,00 € para dotar de crédito a partida 01.02.111B.710, creada ex novo, financiado con remanente de Tesourería do exercicio 2019.
- 2.- Dar traslado da resolución á intervención.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2020.



A valedora



**RESOLUCIÓN DA VALEDORA DO POBO DE AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN E APROBACIÓN DE GASTO PARA TRANSFERIR Á XUNTA DE GALICIA CO FIN DE CONTRIBUÍR ECONOMICAMENTE A AFRONTAR A EMERXENCIA SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19**

Actualmente está declarado o estado de alarma a nivel nacional polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, por mor da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, que a súa vez ten sido obxecto de prórroga vía Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, ata o día 11 de abril incluído e polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, ata o 25 de abril incluído. O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A Xunta de Galicia está facendo cara á emerxencia coordinándose coas diferentes administracións e entidades públicas e privadas. Esta situación inédita implicou adoptar diversas medidas tanto preventivas como de axudas extraordinarias en distintos eidos, debido as consecuencias que a dita paralización implica.

A Institución do Valedor do Pobo, consciente das necesidades imperiosas que existen na Comunidade Autónoma a causa do COVID19, e tendo un remanente de tesouraría positivo con marxe para seguir xestionando os seus gastos sen tensións, considerou a posibilidade de dispoñer de ata 2.000.000,00€ dos seus fondos líquidos para transferir á Xunta de Galicia e así contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID 19.

Para efectuar esta operación solicitou da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento crear ex novo a partida 01.02.111B.710 dotándoa mediante a aprobación dun expediente de crédito extraordinario financiado co seu Remanente de Tesourería do exercicio 2019, para o cal o dito órgano é o competente segundo o Regulamento orzamentario e contable.

Debido á situación de confinamento en que nos atopamos a dita proposta foi inicialmente aprobada por Resolución da Presidencia o 8 de abril de 2020, quedando pendente de ratificación pola Mesa da Deputación Permanente, o que tivo lugar no día de hoxe, 22 de abril de 2020.

Polo exposto, dispoñendo xa de crédito no orzamento, esta valedora RESOLVE:

- 1.- A autorización, disposición e aprobación dun gasto por importe de 2.000.000,00 € para transferir á Xunta de Galicia para contribuír economicamente a afrontar a emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- 2.- Dar traslado da resolución á intervención.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020.



**A valedora**







# VALEDOR DO POBO

## ADOP

ADOP

Data: 23/04/2020

Núm. Operación: 202000000925

Tipo Operación: ADOP

Ref. Intervención: 20.20.000136.001.001.001

### Contabilidade do Orzamento de Gastos

Ano do orzamento: 2020

Exercicio: 2020

#### ORZAMENTO CORRENTE

Centro xestor: SERVICIOS ADMINISTRATIVOS

Cl. Rem.	Ano	Cl. Orgánica	Cl. Programa	Cl. Económica	P.G.C.P.	Importe
N	2020	0102	111B	710	6555	2.000.000,00 EURO

Aplicación orzamentaria: Devolucion remanente de tesouraría acumulado

Importe en Letras: # dous millóns euros #

Datos Bancarios:

Interesado: XUNTA DE GALICIA

Forma de Pago: Transferencia

Importe Líquido 2.000.000,00 EURO

Descrición da Operación: XUNTA DE GALICIA: APORTACION PARA AFRONTAR A EMERXENCIA ECONOMICA OCACIONADA POLO COVID 19.

Organo de Aprobación: 1 - A VALEDORA

Data: 23/04/2020

A xefa de contabilidadeData:

A Interventora

A valedora

